

Os medios de comunicación

O teléfono e a televisión son algúns exemplos de **medios de comunicación**. Utilizámoslos para comunicarnos con outras persoas, para informarnos e para entreternos.

Os medios de comunicación poden ser **interpersoais** ou **de masas**.

Medios de comunicación interpersoais

Serven para comunicarnos cunha persoa ou con varias á vez. Entre este tipo de medios encóntranse o **teléfono**, a **carta** e o **correo electrónico**.



Medios de comunicación de masas

Utilízanse para transmitir información a unha gran cantidade de persoas ao mesmo tempo. Son, por exemplo, a **televisión**, a **radio**, o **xornal** ou **Internet**.



Para que usamos os medios de comunicación?

Na nosa vida cotiá, os medios de comunicación sévennos para:


- Relacionarnos coa nosa familia, amigos e amigas.
- Informarnos, por exemplo, do tempo que irá mañá, dun suceso ou das películas que estrearon no cine.
- Buscar información para realizar un traballo do colexio ou para organizar unha viaxe.
- Divertirnos no noso tempo de lecer.



Utilizamos as novas tecnoloxías

Desde a aparición da informática, os medios de comunicación son cada vez máis rápidos e permítennos facer máis cousas. Por exemplo:

- Os **teléfonos móbiles**, ademais de utilizarse para falar con outras persoas, úsanse para buscar información, facer fotos e compartilas, escoitar música, enviar mensaxes...
- A **televisión por satélite** permite que un acontecemento que está ocorrendo nun lugar poida verse ao mesmo tempo noutros moitos lugares do planeta.



Que é Internet?

Internet é un rede mundial formada por ordenadores conectados entre si.

Internet permítenos:

- **Consultar sitios web**, que poden conter textos, imaxes, vídeos, sons, xogos, ligazóns a outros sitios web...



- **Comunicarnos con outras persoas** mediante chamadas, videochamadas, correos electrónicos e mensaxes electrónicas ou chats.



- **Utilizar as redes sociais**, que poñen en contacto moitas persoas que se comunican e intercambian arquivos, fotos...

- **Comprar produtos.**

A publicidade

Todos os días vemos e escoitamos anuncios na televisión, na radio ou camiñando pola rúa. A **publicidade** infórmanos sobre un produto ou un comportamento beneficioso para as persoas.

Diferéncianse dous tipos de publicidade:

- **Publicidade consumista.** Ten como obxectivo vender un produto. Utiliza mensaxes atractivas para animar as persoas a mercalo.
- **Publicidade educativa.** Fomenta hábitos saudables e responsables, ou trata de concienciar as persoas sobre algo.



Como se dá a coñecer a publicidade?

A publicidade dáse a coñecer a través de:

- Os medios de comunicación, sobre todo os de masas.
- Os lugares onde moitas persoas poidan vela, como son as paradas de autobuses ou os mesmos autobuses, edificios, paneis...
- As persoas famosas, que poden influir nos consumidores, e que protagonizan os anuncios.

1) Para que serven os medios de comunicación? Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ Para informarnos.
- ☐ Para desprazarnos dun lugar a outro.
- ☐ Para comunicarnos con outras persoas.
- ☐ Para entreternos.

2) Escribe a opción correcta, unha I (para os medios de comunicación interpersoais) ou unha M (para os medios de comunicación de masas).

☐☐☐☐☐☐

3) Escribe o nome destes medios de comunicación onde corresponda.

televisión

vaia publicitaria


correo electrónico

É un medio que permite comunicarse por escrito con unha ou varias persoas a través do ordenador.

É un medio que transmite información a moitas persoas a través das imaxes e do son.


É un medio que transmite información a moitas persoas a través de imaxes e de texto.

- 4** Escribe os nomes das partes do ordenador. Despois, completa coas palabras adecuadas.



- Máquina que imprime textos, debuxos... →
- Permiénonos movernos pola pantalla. →
- Permiénonos escribir. →

- 5** Observa as imaxes e escribe o nome do aparato electrónico que utilizarías en cada caso.



- Para facer un traballo de clase. →
- Para falar cos teus avós. →